



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Iconografía, iconoloxía e tipoloxía I

Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais

Obrigatoria da especialidade	Curso: 3º pintura	1º Cuadrimestre	2 ECTS
------------------------------	-------------------	-----------------	--------

Teórica

Profesora: Victoria Santiso Pérez

vitoria.santiso@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

- Introducción aos métodos iconolóxico e tipolóxico para a análise dos bens culturais da especialidade.
- Fundamentos e principais repertorios iconográficos e tipolóxicos dos bens culturais da especialidade.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP5	Establecer un diálogo interdisciplinar con outros/as profesionais relacionados/as co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concerner ao patrimonio pictórico.
-----	---

CURSO ACADÉMICO 2024-2025

EP10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.	
EP11	Investigar o patrimonio cultural pictórico desde o punto de vista histórico, das súas fontes documentais, da súa evolución material, funcional ou simbólica, así como a súa adecuación aos traballos de conservación-restauración de bens culturais. Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais.	
UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% da materia
1. Introducción.	1.1 Concepto e definición de Iconografía, iconoloxía e tipoloxía. 1.2 Escolas metodolóxicas. Sistemas de clasificación iconográfica aplicados á catalogación de bens culturais de tipo pictórico. 1.3 Elementos e tipos iconográficos presentes na imaxe pictórica.	10%
2. Textos literarios e mitos orixinarios da mitoloxía clásica aplicados ós bens pictóricos.	2.1 Fontes para o estudo da mitoloxía grega e romana. 2.2 Cosmogonía. Divinidades pre-olímpicas. 2.3 Titanomaquia.	20%
3. O panteón olímpico e a súa representación na pintura.	3.1 A primeira xeración olímpica. 3.2 A segunda xeración olímpica. 3.3 Divindades menores. 3.4 Antropogonía.	30%
4. Heroes e personaxes de lenda da mitoloxía grega. Mitos románs.	4.1 Perseo, Heracles, Xasón e Orfeo 4.2 Outros heroes e mitos gregos e a súa representación na historia da pintura. 4.3 Iconografía da Guerra de Troia e da Odisea na historia da pintura. 4.4 Mitos románs.	20%
5. A mitoloxía clásica na pintura das idades moderna e contemporánea.	5.1 Humanismo italiano e renacemento da mitoloxía clásica: a mitoloxía na pintura do <i>Quattrocento</i> . 5.2 A imprenta e a difusión da mitoloxía clásica: os Ovidios moralizantes. 5.3 Desnudo e mitoloxía na pintura do século XVI: as <i>poesie</i> de Tiziano e a súa repercusión na pintura occidental. 5.4 A mitoloxía clásica nas sociedades do <i>Antigo Réxime</i> : novas funcións e principais programas e ciclos pictóricos. 5.5 Mitoloxía clásica na pintura da Ilustración e da Revolución Francesa. Mitoloxía clásica na pintura dos séculos XIX e XX.	20%

	<p>5.6 A imprenta e a difusión da mitoloxía clásica: os Ovidios moralizantes.</p> <p>5.7 Desnudo e mitoloxía na pintura do século XVI: as <i>poesie</i> de Tiziano e a súa repercusión na pintura occidental.</p> <p>5.8 A mitoloxía clásica nas sociedades do <i>Antigo Réxime</i>: novas funcións e principais programas e ciclos pictóricos.</p> <p>5.9 Mitoloxía clásica na pintura da Ilustración e da Revolución Francesa.</p> <p>5.10 Mitoloxía clásica na pintura dos séculos XIX e XX.</p>		
PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	20		20
Estudos de caso, debates e outras actividades	16	2	18
Estudo autónomo		12	12
Total	36	14	50
METODOLOXÍA DOCENTE			
Metodoloxía	Descrición		
Sesión maxistral	Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as sesións maxistras e outras ferramentas aportadas.		
Actividades: estudos de caso, debates, comentario de artigos especializados, lecturas e exercicios individuais ou en grupo.	Busca, lectura e traballo de documentación; propostas de resolución de problemas e/ou exercicios realizados na aula polo alumnado de xeito autónomo; charlas abertas a partir da lectura e comentario de artigos científicos ou documentos audiovisuais, noticias de actualidade ou estudos de caso; actividades complementarias como visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións, etc., e tarefas propostas asociadas a elas.		
Presentación/ Exposición	Exposición oral por parte do alumnado dos traballos individuais e/ou grupais		
Observación sistemática na aula	O caderno da docente reflicte a observación na aula: a asistencia, os hábitos dos alumnos/as, tanto en relación co traballo e o seu interese e curiosidade, así como o esforzo e interese que cada alumno/a mostre no seu proceso de aprendizaxe coa participación nas tarefas colectivas e individuais. Permite comprobar: o nivel de atención; o ritmo de adquisición de contidos, técnicas e métodos de indagación e de realización das actividades propostas; a capacidade en comunicación e expresión oral; o interese pola materia; a participación na clase; as actitudes sociais: convivencia, tolerancia, sociabilidade; etc.		
Proba escrita	Proba escrita dos contidos tratados na aula.		

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
AVALIACIÓN CONTINUA		
Proba escrita	<p>Permitirán valorar a adquisición correcta dos obxectivos, competencias e contidos da materia tratados nas aulas.</p> <p>Farase un mínimo de unha proba escritas en cada Unidade didáctica.</p> <p>Estas probas escritas versarán sobre os contidos explicados na aula e serán acordes cos criterios establecidos nesta guía.</p> <p>No deseño seguiremos un modelo tipolóxico que consistirá en preguntas teóricas (test, desenrolo de preguntas ou temas propostos e/ou definición de termos) e/ou práctica coa identificación, comentario e análise de varias obras (imaxes/ou obra física na aula).</p> <p>As probas escritas indicarán sempre a puntuación de cadansúa pregunta ou exercicio e puntuarase de 0 a 10. Para que a proba escrita poda facer media aritmética co resto de actividades avaliadas a calificación obtida na mesma ten que ser igual ou superior a 5.</p> <p>Proba da convocatoria ordinaria: Proba escrita. A realizar na data e hora fixada no calendario oficial de exames da ESCRBCG. A proba versará sobre os contidos que figuran na presente guía docente.</p> <p>Proba da convocatoria extraordinaria: O alumnado que non superasen a materia na convocatoria ordinaria. A realizar na data e hora fixada no calendario oficial de exames da ESCRBCG. A proba versará sobre os contidos que figuran na presente guía docente.</p>	60 %
. Rúbricas	<p>-Calidade no contido (30%): Rigor técnico e metodolóxico no ámbito da documentación e a investigación, corrección formal e calidade da presentación. Sentido crítico e capacidade para plantexar hipóteses e propostas.</p> <p>-Forma (10%) Cando os traballos a realizar sexan en formato escrito e oral a porcentaxe será: Presentación oral (5%) dos traballos na que se valorarán as competencias expositivas, a capacidade de síntese, o desenvolvemento dos contidos máis relevantes e a presentación de propostas para a posta en valor do patrimonio cultural estudado. Presentación escrita (5%) na que se valorarán: formato, claridade e eficacia na expresión, ortografía, epígrafes.</p> <p>-A Puntualidade na entrega. Imprescindible para aprobar cada entrega e poder participar na posta en común na aula. Fora dos prazos establecidos para a súa entrega e presentación non se valorarán nin se cualificarán os traballos propostos.</p>	40%
Total		100 %
CONVOCATORIA ORDINARIA		
A convocatoria ordinaria servirá de recuperación (total ou parcial) das partes non superadas		
Recuperación parcial	Recuperar as partes non superadas ao longo do cuatrimestre. Poderá comprender os contidos teóricos-prácticos e todos aqueles relacionados coas lecturas e material proporcionado no curso.	
Recuperación	PROBA ESCRITA sobre o total dos contidos desenvolvidos no curso.	100%

total		
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA		
PROBA ESCRITA sobre o total dos contidos desenvolvidos no curso.		100%

OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

- A asistencia é obrigatoria. Deste modo, a non asistencia ás clases repercutirá na cualificación. Non se pode superar un 20 % de faltas sen xustificar. De superarse, pérdese o dereito a ser avaliado de forma continuada, e avaliarase facendo uso da convocatoria oficial ordinaria.

Convocatoria ordinaria:

- Avaliación continua. Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado e os exames propostos ao longo do curso. Isto significa que, para aprobar con avaliación continua o/a alumno/a:

- Non pode superar un 20 % de faltas sen xustificar.
- Debe ter realizados todos os traballos solicitados (proba escrita; estudos de caso/comentarios críticos), e avaliados segundo rúbrica.
- Debe acadar unha cualificación global da materia de 5 ou superior. A cualificación global da materia resulta da suma das cualificacións (“proba escrita” + “estudos de caso/comentarios críticos” + “observación sistemática”).

- Todos os alumnos teñen dereito a dúas convocatorias, unha ordinaria e outra extraordinaria. As datas, horas e lugares de celebración das mesmas faranse públicas coa suficiente antelación e poderán ser consultadas nos taboleiros e na páxina web da ESCRBCG.

Convocatoria extraordinaria

- Os alumnos que non aproben ou non se presenten na convocatoria ordinaria poderán recuperar a materia na convocatoria extraordinaria,

A proba será escrita sobre o total dos contidos desenvolvidos no curso e terá as mesmas características que a proba escrita da convocatoria ordinaria (parte teórica (definición, pregunta a desenrolar...) parte práctica (identificación, comentario e análise de varias obras (imaxes/ou obra física na aula sempre que sexa posible).

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ó alumnado durante todo el curso. As titorías realizaranse no despacho do profesor no horario asignado a comenzo de curso e mediante o correo electrónico do profesor que figura máis arriba.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- CARMONA MUELA, J.: *Iconografía clásica. Guía básica para estudiantes*, Madrid, Istmo, 2000.
- ELVIRA BARBA, M. A.: *Arte y mito. Manual de iconografía clásica*, Madrid, 2008.
- GALLARDO LÓPEZ, M.D.: *Manual de mitología*, Madrid, 1995.
- GRIMAL, P.: *Diccionario de mitología griega y romana*, Barcelona, 1989.
- TRINIDAD LAFUENTE, I.: *Tesouro y diccionario de objetos asociados a ritos, cultos y creencias*, Ministerio de Cultura, 2011.
- VV. AA. : *Guía para identificar los personajes de la mitología clásica*, Cuadernos de Arte Cátedra, Madrid, 2017.



BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- ALMAGRO, M. J.: *Mitología clásica*, Madrid, 1995.
- BURKE, P.: *La fabricación de Luis XIV*, Madrid, Nerea, 1995.
- CARPENTER, T. H.: *Arte y mito en la antigua Grecia*, Barcelona, Destino, 2001.
- ESTEBAN LORENTE, J.F.: *Tratado de iconografía*, ISTMO, Madrid, 1998.
- GONZÁLEZ DE ZÁRATE, J.M.: *Método iconográfico*, Vitoria-Gasteiz, 1991.
- GRAVES, R.: *La guerra de Troya*, Barcelona, Munich Editores, 1999.
- MORALEJO, S.: *Formas elocuentes. Reflexiones sobre la teoría de la representación*, Madrid, 2004.
- MOORMANN, E. M. y UITTERHOEVE, W.: *De Acteón a Zeus. Temas sobre la mitología clásica en la literatura, la música, las artes plásticas y el teatro*, Madrid, Akal, 1997.
- OLMOS, R.: *Mitos y ritos en Grecia*, Madrid, 2004.
- PANOFKY, E.: *Estudios sobre iconología*. Alianza editorial. Madrid, 1985.
- PANOFKY, E. y SAXL, F.: *Mitología clásica en el arte medieval*, Vitoria, 2015.
- TERVARENT, G.: *Atributos y símbolos en el arte profano. Diccionario de un lenguaje perdido*, Barcelona 2002.



OBSERVACIÓNS

- Usarase a plataforma Moodle para que o alumno poida consultar e dispoñer da presente guía docente, para deixar material didáctico para o alumnado, para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia e tamén como modo de comunicación profesor/alumno. O uso desta plataforma é obrigatorio para o alumnado que curse a avaliación continua, e moi recomendable para o resto.
- É imprescindible que o alumno aplique una metodoloxía axeitada á hora de proceder ó estudo dos contidos da materia e á realización das distintas tarefas (toma de apuntes e anotacións, busca e selección de materiais, cronogramas, presentacións, etc.).
- O plaxio e apropiación de materiais científicos en distintos soportes (edicións dixitais ou en papel) sen o citado previo da súa fonte é un delito e suporá un suspenso.
- A biblioteca da ESCRBBCCG conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia. O seu uso habitual é imprescindible para acadar correctamente os obxectivos da materia polo que formará parte das actividades lectivas da materia.
- O uso ou funcionamento de teléfonos móbiles e outros dispositivos (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación non está permitido. Segundo o artigo 19.4 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar: “prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos”. A profesora determinará se nalgún momento é pertinente o seu uso como ferramenta pedagóxica.